

5 A PAZ DOS VENCEDORES

5.1. A Conferencia de París

En 1919, os países vencedores reuníronse en París para preparar uns tratados de paz que remodelasen Europa, mais os seus intereses diverxían nalgunhas cuestións. O presidente dos EE.UU., Wilson, propuxo un **programa de 14 puntos** para negociar a paz, baseado no dereito das nacionalidades a constituírse en estados, a destrución dos imperios, a consolidación da democracia, o desarmamento e a liberdade de comercio internacional. Pola súa banda, os mandatarios europeos, máis prexudicados polo desenvolvemento da guerra, desexaban fortes compensacións polas súas perdas.

En París establecéronse cinco tratados, cada un deles dirixido a un país vencido. Todos eles foron obrigados a ceder territorios, a pagar reparacións polos danos ocasionados pola guerra e a reducir os efectivos do seu exército. O máis importante foi o de **Versalles**, que obrigaba a Alemaña a recoñecer a súa responsabilidade na guerra e que lle impoñía condicións moi severas. Este tratado recibíuse en Alemaña como unha imposición (*Diktat*) e xerou un importante descontento, que ía ter graves consecuencias no futuro.

Orlando (Italia) Wilson (EE.UU.) Clemenceau (Francia) Lloyd George (Gran Bretaña)



Os mandatarios das potencias vencedoras no Palacio de Versalles, onde se elaborou o tratado de paz con Alemaña en 1919.

DOC.1 OS CINCO TRATADOS DE PAZ

Tratado	Principais disposicións
Versalles (Alemaña) 28-6-1919	- Perda do 15% do seu territorio e do 10% da súa poboación: - Alsacia e Lorena pasan a Francia; Schleswig-Holstein a Dinamarca; Eupen e Malmédy a Bélxica; Posnania a Polonia e o val do río Niemen a Lituania. - Prusia Oriental queda separada do resto do territorio polo corredor de Danzig. - Repatriación das colonias alemás entre os vencedores. - Pagamento de reparacións de guerra aos vencedores. - Entrega das minas de carbón do Sarre a Francia. - Incautación da súa frota mercante. - Prohibición de unirse a Austria no futuro. - Abolición do servizo militar e restrición do seu exército a 100.000 homes. - Ocupación aliada da beira esquerda do Rin durante 15 anos, e posterior desmilitarización do territorio.
Saint Germain (Austria) 10-10-1919	- Desaparición do Imperio austrohúngaro e proclamación dunha república democrática. - Aparición de novos estados en detrimento do seu imperio: Checoslovaquia, Iugoslavia, Hungría e Polonia.
Neuilly (Bulgaria) 27-11-1919	- Pago de indemnizacións de guerra e redución do seu exército. - Cesión de territorios a Iugoslavia e Grecia.
Trianon (Hungría) 4-6-1920	- Recoñecemento da independencia de Hungría. - Cesión de parte dos seus antigos territorios a Polonia, Checoslovaquia, Iugoslavia e Romanía.
Sèvres (Imperio turco) 10-10-1920	- Desmembración do Imperio otomán: - Entrega de territorios a Grecia. - Cesión doutros territorios (Siria, Líbano, Palestina, Transjordania, Iraq e Kuwait) a Francia e Gran Bretaña (mandatos).

DOC.2 A ESIXENCIA DE REPARACIÓNS

Tomo nota das palabras e das excelentes intencións do presidente Wilson (...) pero el desconoce o fondo da natureza humana. A guerra non pode ser esquecida. América non coñeceu de preto a guerra nos tres primeiros anos do seu desenvolvemento. Nós, os franceses, perdemos un millón e medio de homes.

A guerra creou na nosa poboación o sentimento de que os danos causados deben ser reparados. Non se trata de reparacións materiais, senón tamén morais.

Discurso do presidente francés Clemenceau en 1919.

1. Que dúas actitudes ante os tratados de paz reflicte o texto?

DOC.3 ALEMAÑA DESPOIS DO TRATADO DE VERSALLES



5.2. As consecuencias inmediatas do conflito

Demográficas

A guerra tivo un **elevado custo humano**. Morreron case dez millóns de persoas, sobre todo alemáns, franceses e rusos, e deixou seis millóns de inválidos e un elevado número de mutilados e feridos.

A alta mortalidade afectou especialmente os homes mobilizados entre os 20 e os 40 anos, e levou a unha diminución da natalidade que duraría diversas xeracións.

Económicas

O conflito **empobreceu os países belixerantes**. Moitas cidades, campos de cultivo, industrias e vías de comunicación foron destruídas. Calcúlase que Francia perdeu o 30 % da súa riqueza e Alemaña o 22 %, mentres que o potencial industrial de toda Europa se reduciu nun 40 % e o agrícola nun 30 %.

As finanzas públicas dos Estados quedaron completamente enbedadas por mor dos **empréstimos de guerra** tanto no interior (emisión de bonos de guerra) como no exterior (préstamos sobre todo cos Estados Unidos). Ademais, tíñase que facer fronte aos elevados custos da reconstrución.

A guerra significou a perda da hexemonía europea na economía mundial en **beneficio dos Estados Unidos**, que se converteron en líder das finanzas. O seu produto nacional bruto dobrouse nos anos da contenda e as súas reservas de ouro case se triplicaron. Ademais, a frota estadounidense substituíu a británica de como redistribuidora do comercio mundial e o dólar substituíu a libra como moeda base nas transaccións internacionais.

O conflito beneficiou tamén o **Xapón**, que aumentou de xeito considerable a súa produción para lles facer fronte aos pedidos europeos, sobre todo de armamento. A guerra brindoulle a ocasión para diversificar a súa produción industrial, modernizar as súas infraestruturas, ampliar os seus mercados e aumentar as exportacións.

Sociais

Os anos que seguiron á guerra foron de **penurias** para unha boa parte da poboación, afectada por unha suba dos prezos que minguaba a súa capacidade adquisitiva. Esta pobreza contrastaba cos novos ricos que se beneficiaran dos negocios da guerra (banqueiros, comerciantes, industriais, exportadores agrícolas...), e que facían ostentación do seu poder económico.

Esta situación fixo aumentar o **malestar social** e as manifestacións e as folgas estendéronse por Europa. En 1919, estalaron revoltas impulsadas polos comunistas seguindo o modelo revolucionario ruso en Alemaña (espartaquistas liderados por Rosa Luxemburgo) e en Hungría (comunistas de Béla Kun). Ambas as dúas **insurreccións** foron sufocadas violentamente.


DOC.4 O BALANCE HUMANO*

Países	Movilizados	Mortos	Feridos e inválidos
Francia	18,1	1,8	5
Gran Bretaña	8,9	0,9	2
Rusia (ata 1917)	18,1	1,8	5
Italia	5,6	0,6	0,9
Estados Unidos	4,3	0,1	0,2
Alemaña	13,2	2	4,2
Austria-Hungría	9	1,1	3,6
Total mundial	73,8	9,4	21,2

*en millóns

2. Que países tiveron un maior número de vítimas en relación aos soldados mobilizados?

DOC.5 AS DÉBEDAS INTERALIADAS (1919)



3. Que país era o principal acreedor dos aliados?
4. Con que ingresos pensaban os aliados facerlles fronte ás súas débedas? Relaciónao coas reparacións de guerra que debía pagar Alemaña.

ELABORA UNHA SÍNTESE

Coa información do texto e os documentos:

5. Explica como se elaboraron os tratados de paz e que condicións estipulaba cada un deles.
6. Xustifica por que titulamos este apartado como "A paz dos vencedores".
7. Fai un esquema ou cadro sinóptico das consecuencias demográficas, económicas e sociais da guerra.